

Estimados pais e nais:

Para o vindeiro xoves, **20 de febreiro**, varias organizacións estudiantín convocaron unha xornada de folga do ensino. Tendo en conta o artigo 15 das Normas de Organización e Funcionamento do IES Mugardos:

“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, a partir do terceiro curso de ESO, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)  
De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria.”

Comunicámoslles que o alumnado do IES Mugardos, **agás 1º e 2º ESO**, anuncia a intención de secundar a folga en escrito dirixido nestes termos á dirección do centro:

A xunta de delegados reunida o día 17 de febreiro de 2014 ,  
acorda convocar folga o día 20 de febreiro pda aprobación da lei LOECE  
no Senado.

O lema da mobilización é “En pé por un ensino público galego” e  
pretende denunciar o “golpe de estado na educación” do PP.  
Entre as queixas que enumeraron os convocantes no manifesto da folga,  
figuran a supresión de bolsas de estudo, o aumento das taxas universitarias,  
na redución de comedores públicos e a recente eliminación das bolsas  
Erasmus. Ademáis advertiron que a lingua galega quedará relegada nun  
plano moi secundario e que a realidade nacional de Galicia estará fora  
de todo o programa educativo.

Os delegados dos cursos que están a favor da folga:

3º ESO A ~~XXXXXX~~

1º BAC A ~~XXXXXX~~

3º ESO B ~~XXXXXX~~

1º BAC B ~~XXXXXX~~

4º ESO ~~XXXXXX~~

2º BAC A ~~XXXXXX~~

1º PCPI ~~XXXXXX~~

2º BAC B ~~XXXXXX~~

**Os servizos do centro** (transporte, oficinas, docencia) **funcionarán como todos os días e o profesorado atenderá con normalidade aos alumnos e alumnas que asistan a clase.** Atentamente, saúdaos:

Serafin Alvarez Rodríguez  
Director do IES Mugardos